

ANUNCIO

**TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE ANIMADOR-A DEPORTIVO-A (C23)
PUNTUACIÓN PROVISIONAL FASE DE CONCURSO E CONVOCATORIA DA PROBA GALEGO**

Reunido o Tribunal cualificativo do proceso de estabilización Lei 20/2021 para 2 prazas de Animador-a deportivo-a (C23), na súa sesión constitutiva celebrada o 18/11/2024, na Casa do Concello, acorda o seguinte:

Aprobar a puntuación provisional da fase de concurso do proceso de 2 prazas de Animador-a deportivo-a (C23), que queda do seguinte xeito, ordenado po orde decrecente, unha vez procedido ao desempate atendendo ao establecido no punto 9.7 das bases que rexen o proceso.

Apelidos e nome	Experiencia profesional				Total experiencia profesional	Experiencia específica (Máximo 10 puntos)	Puntuación total
	Mérito 1.a	Mérito 1.b	Mérito 1.c	Mérito 1.d		Total puntos experiencia específica	
Castelo Collazo, José Miguel ***7715**	176,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Rial Lago, Bernardo ***7018**	134,25	0,00	0,00	0,00	90,00	10,00	100,00
Peral López, Daniel ***1274**	0,00	0,00	0,00	0,25	0,25	10,00	10,25
Rodríguez Munín, Daniel ***6215**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00
Castaña Frieiro, Mauro ***8713**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	10,00

De conformidade co establecido no Anexo I das Bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 publicadas no BOP número 246 de 29/12/2022, para a acreditación dos servizos prestados en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo debería terse achegado de forma obrigatoria a seguinte documentación:

- Certificación emitida polo funcionario ou órgano competente correspondente.
- No caso de servizos prestados en réxime laboral, contrato de traballo xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.
- No caso de servizos prestados como persoal funcionario, resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 591.314 exp. 2022/E001/000019

expedida polo órgano/autoridade competente da seguridade social.

Polo que non se consideran acreditados aqueles méritos alegados polos aspirantes en Administracións diferentes ao Concello de Rianxo, que non se axustaran ao anteriormente exposto.

CONVOCAR para o día **29 de novembro de 2024, ás 12.30 h**, no Salón de Pleno da Casa do Concello, para realizar a proba do galego, **a Peral López, Daniel**, que no acreditou estar en posesión do nivel coñecemento da lingua galega (CELGA, ou equivalente), requirido nas bases específicas reguladoras,

Tendo en conta o establecido no apartado 9.7 das Bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Rianxo, as persoas aspirantes disporán dun prazo de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, para formular as alegacións/reclamacións que no seu caso estimen pertinentes.

Rianxo, na data de sinatura dixital

A secretaria do Tribunal, Vanessa Reboredo Fraga